

Tamara Gómez Cambeiro

A VALORACIÓN DO INTERCAMBIO

Durante a nosa estancia en Brighton realizamos diversas actividades: algunhas educativas, outras eran de lecer, pero penso que todas foron boas e que os profesores se esforzaron en que fosen lúdicas á vez que didácticas para que non nos parecesen un aburrimiento.

O hostel no que nos hospedamos en Brighton gustoume bastante porque a nosa habitación era moi luminosa, con bastante espazo, e cunhas vistas excelentes xa que estaba situado en fronte da praia e do Brighton Pier.

O 2º día fomos a New Haven Fort e vimos unha exposición á vez que contestabamos un cuestionario. Pareceume moi interesante cando estivemos nun simulador dun refuxio e comezaron a soar bombas e berros de persoas coma se estivesemos nunha guerra. Despois disto fomos coñecer a praia de Brighton e as súas murallas de xiz mentres dabamos un paseo.

O día que máis me divertín foi cando fomos de cámping e xogamos ó runders.

Tamén me gustou moito a visita que fixemos ó Royal Pavillion, xa que quedei impresionada coa súa decoración e ademais aprendemos algo de historia que nos ía contando a guía. Ese mesmo día fixemos un xogo de buscar pistas polas rúas de Brighton cun mapa, deste xeito coñecemos as súas rúas dun xeito moi ameno.

Pareceume moi divertido o show de Mrs Hoover no que aprendemos inglés á vez que nos divertiamos co espectáculo cómico.

Disfrutei moito o día no que fomos xogar ó Scalextric e fixemos competicións en grupos.

O día que menos me gustou foi cando fomos ó Seven Sisters Park porque chovía moito e, como tiñamos que andar, mollámonos e pasamos frío. Esa mesma noite fomos xogar ó volley despois de cear á praia.

No día que asistimos ás clases do Falmer coñecemos a maneira de dar clases alí.

Pareceume moi interesante e curioso as asignaturas que teñen, como por exemplo drama ou cociña.

Tamén tivemos tempo libre no que podías ir ó Brighton Pier ou ir de compras a Churchill Square.